



## MEDIDAS URBANÍSTICAS E PARA O FOMENTO DAS OBRAS.

**Dona Teresa Rey Pazos, Concelleira do Grupo Mixto** por Veciños de Padrón, presenta para ser tratada e votada no Pleno Ordinario da Corporación, do mes de marzo, a seguinte **MOCIÓN**:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Nos últimos tempos estamos a comprobar como as poucas obras que se están a realizar no noso municipio e, en concreto, no centro histórico, na súa maior parte carecen dos permisos urbanísticos legalmente establecidos e mesmo algunha destas obras, atentan contra bens patrimoniais especialmente protexidos.

En varias ocasións Veciños de Padrón trouxo ao Pleno diferentes rogos e preguntas encamiñados a esixir o cumprimento da normativa vixente en materia urbanística así como a que se esixise a reposición da legalidade daquelas obras que se executaron sen os permisos requeridos e das que o goberno local non pode negar ter coñecemento, xa que en múltiples ocasións foi informado por esta Concelleira e por outros grupos políticos.

Tamén se preguntou e se solicitaron expedientes urbanísticos concretos co fin de comprobar se existía ou non permiso en diferentes obras que a cidadanía en xeral sabía que se estaban a realizar e en todos eles atopamos con que carecen deste requisito legal.

Ademais notamos unha especial pasividade por parte do goberno local do PP e do PGD, tanto á hora de sancionar a aquelas persoas que acometen unha obra sen licenza como á hora de iniciar expedientes de reposición da legalidade, obrigando en moitas ocasións á cidadanía a presentar denuncia cando entendemos que é obrigación do señor Alcalde sancionar e ordenar que se repoña a legalidade cando ten coñecemento dunha obra ilegal.

Outro factor para destacar e que nos leva a presentar esta moción é que no canto de premiar ás persoas que cumpren coas súas obrigacións á hora de realizar unha obra, estéselles prexudicando poñéndolles múltiples trabas administrativas á hora de tramitar os seus expediente e para conseguir os permisos pertinentes e mesmo se lles está parando as obras a pesar de solicitar os permisos. Por outra banda, atopámonos con persoas que están a realizar ou realizaron obras sen contar con permiso algún e non atopan ningunha actuación da administración local encamiñada a sancionar esa conduta incívica e esixirlle a reposición á legalidade.

Ademais dos posibles atrasos e impedimentos á hora de conceder os permisos por parte do departamento de urbanismo que desalienta a solicitalos, tamén consideramos que pode influír neste feito o elevado tipo de gravame do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (I. C.I.O), que ascende a 3,5%.

Poñemos de manifesto tamén aquí a situación de ruína e abandono na que se atopan os inmobles do centro histórico de Padrón, por iso consideramos necesario tomar todas as medidas necesarias que fomente a rehabilitación así como a apertura de novos establecementos en Padrón e para que volva ter vida e capacidade para modernizarse.

As medidas que hoxe recollemos nesta moción non só están encamiñadas a acabar con estas situacións inxustas e que producen agravios comparativos entre as veciñas e veciños do Concello Padrón á hora de realizar obras nos inmobles e nos baixos comerciais senón tamén a fomentar que se soliciten os permisos pertinentes e que se fagan obras para modernizar as vivendas, casas, edificios e locais.

Por todo o anteriormente exposto propoñemos os seguintes **ACORDOS**:

- 1.- Que o señor Alcalde no exercicio do súa postestade e de conformidade co artigo 163.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, delegue a competencia da imposición de sancións na Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.
- 2.- Que se tomen as medidas oportunas para reducir o tipo de gravame do I. C.I.O ao 2%.
- 3.- Que se declaren as obras de rehabilitación do centro histórico de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artística ou de fomento de emprego para que así lle sexan aplicables as bonificacións establecidas na ordenanza do I. C.I.O.
- 4.- Que se tomen as medidas oportunas para incrementar ao 95% a bonificación a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, como as incluídas no apartado 3 desta moción.

En Padrón, a 19 de marzo de 2018

Dona Teresa Rey Pazos

**SR. ALCALDE- PRESIDENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE PADRÓN**